




A NOSA VOZ



MANUEL
MARIA
LETRAS
GALEGAS
2016



XUÑO 2016 CEIP ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ

ÍNDICE

Ed. Infantil 3 anos: O poema <u>Caracol</u>	2
Ed. Infantil 4 anos: Excursión Museo Mar de Vigo	3-5
Ed. Infantil 5 anos: Despedida	6
1º EP: Contos e Historias	7
2º EP: O Invernadoiro e a Granxa do Cole	8
3º EP: Arte e Matemáticas	9-10
4º EP: Ditos Populares	11-14
Alumnos/as de EP: Coplas dos Maios 2016	15-17
5º EP: Letras Galegas 2016: Manuel María	18
5º EP: Deporte Escolar Curso 2015-2016	19
6º EP: Novas do Cole	20
Sección de Inglés: Comics	21-22
Grupo de Guitarra do Colexio	23
Escola de Pais/Nais	24
Matinal Covelo Noticias	25-26
Despedida de 6º de Primaria	27

RECITAMOS NAS LETRAS
GALEGAS O POEMA CARACOL:

CARACOL, COL, COL
CARACOL, FARACOLEIRO
¡PON OS TEUS CORNOS AO SOL
NA QUE CASE TAN TIPOLEIRO!

CARACOL, COL, COL
CARACOL, CARACOLÓN:
¡PON OS TEUS CORNOS AO SOL
AO SOL OS TEUS CORNOS PON.



EXCURSIÓN A VIGO




VISITAMOS O MUSEO
DO MAR



PESCAMOS





CAZAMOS

BALEAS

NAVEGAMOS



CONTÁRONNOS

UN CONTO


DESPOIS O' CINE



PASÁMOLO XENIAL



TOMÁS HUGO DIEGO
GABRIEL LUCIA CESAR
ANDRÉ NICOLÁS XULIA



POESÍA DESPEDIDA DE INFANTIL

Xa cumplin os seis anos
do cascarón salín
e din que xa rematei
a educación infantil.

Tiven que esforzarme
para chegar ata ao final
e agora estou moi contento
porque a punto estou
de rematar.

Aprendín cancións
poesías casi mil

adivíñas e números
a xogar e a reír.

Salto a pata coxa
a lila pode medir
e escribo con letras moi
grandes
en educación infantil.

Adios amigos adios mestras
temonos que ir
porque aprendin moito
en educación infantil.

Conto da Franqueira
 Unha nena chamada Elena vai á romaría da Franqueira, vai andando cos amigos) coa familia.
 Cando chega á Franqueira, xoga con eles e pola tarde vai marcar roupa.
 Un día feliz! Silvia

SILVIA

Historia Xerial!
 Chouza e Pedro, cos meus irmáns, vivem en Madrid. No verán venha a estar na miña casa e pasámolo moi ben: irmos á praia e ao río; paseamos e polo camiño da aldea.
 ROCÍO
 moito É Rocío Xerial!

ANXO R.
 Leiro é un bicho moi simpático.
 Cando sai, gústalle moito saltar e correr: intese libre detrás da súa nai! Pero... atención!
 Cando se enfada, morde !!

Neno chiquito
 Era un neno moi pequeno, que naceu dunha flor. Era tan pequeno que o pisaba a xente grande e levaba nunha cole. Unha amiga levouno ao seu palacio...
 E o rei deulle unha premea de ouro e foi feliz.

LEIRE

ANXO C.
 Olimpíadas
 Participamos nos Olimpíadas e xogamos, corremos, disputamos.
 Anxo C.

GABRIELA
 A ratina
 Había unha ratina presumida que tiña un laciño moy bonito.
 A ratina presumida, limpando as escaleiras encontrou unha moeda de ouro.
 -E sabedes que fixo? -
 Marchou compartíla coa súa familia e os amigos.

AITANA
 En avión
 Unha vez había unha nena á que lle gustaba ir en avión.
 Era de noite saír coa familia.
 Caou un tronco o mini-avión pero a caída foi suave e salváronse! -
 Aitana

ADRIÁN
 O meu can Tutú
 Había unha vez un cachorriño chamado Tutú.
 Era azul e levaba gafas verdes, unha capa rosa, gorro amarelo e un xacón vermello e unha correa azul.
 O cadeliño ladraba moito, brincaba para atrás e para adiante, nunca pelexaba!
 O cadeliño facía FELICES a todos e a todos!
 Adrián

LUCHA
 Amigos no monte
 Un día de primavera unha nena que vivía nunha aldea saíu a buscar tréboles de catro follas.
 Como non os atopara cerca da casa, adentráronse no monte. Nada mais chegar, viu como un corvo comíalle o seu preciado tesouro. - "Déixame uns poucos!" -
 - díxolle Urrá -
 "Mañán nos vemos de novo!"
 E foi así que pasou unha fermosa amizade...
 Lucha

O INVERNADOIRO DO COLEXIO

E A PEQUENA GRANXA



Un día os nenos e nenas de 2º de primaria fomos ao invernadoiro que temos no noso colexio e plantamos sementes de plantas e tamén de leitugas.

As cabas dunhas semanas volvemose ao invernadoiro para ver como medían. As plantas estaban bastante grandes e as leitugas xa valían para trasplantar. Entón tivemos que preparar o terreo quitando as malas herbas para poñer as leitugas.



OS NENOS E NENAS DE 2º E 4º DE PRIMARIA VISITAN O INVERNADOIRO - 01/03/2016

Tamén visitamos a pequena granxa que está ao lado do invernadoiro. Ali vimos: ovas, coas, sías, crías, coellos, patos, codornices... Pasámo-lo xerrial!

Cando xa as plantas estaban grandes preparámo-las na clase para levá-las o 15 de maio porque era o día da familia. Así, os nosos pais viron o noso traballo. E gustoulles moito!




Nenos / nenas 2º primaria

ARTE E MATEMÁTICAS

3º DE PRIMARIA

Os alumnos e alumnas de 3º traballamos en matemáticas as medidas de lonxitude e unha das actividades que fixemos foi investigar e representar as dimensións reais dalgúns cadros de Pablo

Guernica, ten unhas dimensións moi grandes e tivemos que medi-lo e representalo no patio do cole.




Identificamos períodos da pintura de Picasso.




ARTE E MATEMÁTICAS

3º DE PRIMARIA


Tamén buscamos ángulos rectos, agudos e obtusos; as rectas paralelas e as rectas secantes no cadro Haya con barco.



Co Cubimo aproveitamos para repasar as formas xeométricas. Empezamos polas figuras planas: cadrado, triángulo, rectángulo, rombo e círculo.



Lembramos as ladras, as caras, as vértices e as arestas. Nos cadros cubistas identificamos as figuras xeométricas.



Estas actividades motiváranos moito, aprendemos sobre a vida e a obra de Picaso, repasamos a xeometría, utilizámosa regra, o cartabón e fixemos traballos de plástico e sobre todo o máis divertido foi traballar en equipo.

3º Primaria



DITOS POPULARES

(ALUMNOS DE 4º CURSO)

'A castaña ten una maña que vai
con quen a apaña' Javier



"A quen Deus non lle deu fillos,
o demo dálle sobriños" Javier



"Corren as nubes para Ourense...
sol que nos quente" Xoel



"Auga de maio non fai dano" Xoel



"Polo San Miguel colle a vara e o caravel...
Bruno



Do pecado e da ignorancia saca o demo ganancia... Bruno



Auga no maio mata a porco dun ano" Ivan

**“Burro grande, ande ou non ande”
Sergio**



“Non hai pega sen macho negro” Sergio




“Auga matina, á tarde tormentiña” Marcos



“Tras o veranciño de San Martiño, chega o Nadal co seu inverniño” Marcos

“O que non colle moza en maio, non a colle todo o ano” Judit




*“Nubes na montaña, mozas á borrala.
Nubes na ribeira, mozas á soleira” Judit*

“No mes de San Xoan pícanlle as pulgas no rabo ao can e a sardiña pinga no pan” Nuria



"A troita e a mentira canto maior tanto mellor" Nuria



"Quen con lobos anda a ouvear aprende" Nuria



"CANDO CHOVE E VAI SOL, ANDA O DEMO POR FERROL" SAMUEL



"Mal lle vai ó raposo cando anda ós ovos" Samuel



"Ceo empedrado, choiva de contado" Adrián



"Cando haxa xiada, queima a ramalla" Yeray



**“Onde o sol entra,
o manciñeiro senta” Yeray**



**“Amiguiños si, pero a vaquiña
polo que vale” Daniel**



**“O que de mozo non traballa,
de vello durme na palla” Daniel**



**“Xente nova e leña verde todo
é fume” Daniel**



**“ EN ABRIL, AUGAS
MIL, ARY ”**

**“Deus lle da pan a quen non
ten dentes” Ary**



COPLAS DOS MAIOS 2016

OS PROFES

O Profe Paco é un quisquilla
non sabe poñernos decas
hai que regalarlle unhas rosquillas
aínda que non as merece.

En Mates andabamos a dar os poliedros
co profe Xoán son moi entretidos
tamén existían os icosaedros
pero xa están todos sabidos

O profe Paco é moi esixente
pero no fondo eu sei
que se quere
é moi boa xente.

Todos os días co profe Paco
levamos unha chea de deberes,
ás veces cómprenos un saco
para levar tantos quefaceres.

O profe Xoan é moi divertido
Aínda que
algunhas veces
tamén é moi aburrido.

Co noso profe Paco
traballar e traballar
nós xa estamos un pouco cansos
e queremos ir xogar.

Os profesores
fan exames sen parar,
e nos non paramos de
estudar e estudar.

Teño un profesor
que se chama Paquiño,
e el todos os días
toma o seu cafeciño.



A POLÍTICA

Ai o Barcenas e o Rato
Os políticos só saben roubar
Ao Rato vaino perseguir o gato
E o Barcenas só sabe abusar.

Os políticos
moito queren gobernar,
mais nin se lles pasa pola cabeza
nin un só euro aportar.


Estes políticos
xa nos teñen fartos
porque aos españois
non nos devolven os cartos

Os políticos teñen cartos
e gárdanos todos no peto
ese peto e tan grande
que semella un abeto

No concello de Covelo
temos uns bos traballadores,
se vas ao mostrador
aténdente como señores.

Oh, mira un porco voando
oh, mira un político dicindo a verdade
teño que estar soñando
isto non pode ser a realidade.

Non o podo crer
non pode ser realidade
un cego que di que pode ver
e un alcalde dicindo a verdade.



COPLAS DOS MAIOS 2016

O COLEXIO

Nos colexios cada día
hai un tema obrigatorio
todos ben uniformados
máis que festa é un velorio

Os rapaces
o que queremos é xogar,
pero as veces non podemos
porque precisamos estudar.

Cos meus amigos
eu quero xogar
xuntos no recreo
ao pano e a pillar.

Estamos cansados un montón,
os mestres non nos deixan descansar,
pero dannos educación
para poder traballar.

No colexio de Covelo
estamos de chuva a faltar,
para crelo hai que velo!
Non acaba de parar!

En inverno, nun día nubrado,
con chuva, vento e frío,
o noso colexio apareceu inundado,
ata o comedor parecía un río!

Xa despedimos o inverno,
saudamos a primavera,
estación que oxalá
durase a vida enteira.

Neste día tan bonito
deberíamos loitar
para rescatar os nosos valores
que nos axudan a mellorar.

Os nosos mestres
son boa xente
aínda que mandan deberes
parécennos excelentes.

Os nenos de cuarto
traballan e estudan moito
non están coma os lagartos
que non sacan ningún oito.

A POLÍTICA

Os periódicos de Franco
son bastante lamentables
e din que os comunistas
somos seres desprezables.

Este país quere gobernar
un político moi impaciente,
o que non quere é traballar
para iso non hai xente.

España non ten goberno,
os cartos a Panamá,
cos políticos que temos,
mellor que mande mamá.

Xa está ben de roubar
para iso hai habilidade,
que vaian traballar!
e nos dean felicidade!

O mundo coas guerras está moi mal,
aos refuxiados non deixan pasar.
O goberno está fatal!
Todo isto temos que solucionar.

Os Maios



COPLAS DOS MAIOS 2016

ACTIVIDADES

Coplas debemos facer,
aínda que moitas ganas non temos
para poder aprender
vale todo o que inventemos.

No colexio temos granxa,
tamén invernadoiro,
mellor que fagamos xa
un xantar ben sabedoiro!

En cada festival
Tanto neste coma no de Nadal
gústanos a todos actuar
e pasámolo sempre xenial.

No noso magosto
manchámonos moito
e non nos limpamos para marchar
aínda que sexan as oito.

O invernadoiro que chulada!
Cenorias habemos de plantar
o que aínda non sabemos
se ao noso caldo han de chegar.

Nestas olimpíadas
imos participar
serán o vinte de maio
e todos queremos gañar.

Coa Brigada Verde
que é moi natural
as pistas e o patio
todos temos que limpar.



OS DEPORTES

Cristiano é un xogador moi patoso,
tamén ten un tiro moi forte,
cando corre parece que é un oso,
pero cando viaxa non ten pasaporte.

Shakira é a muller de Piqué
foron xuntos a Brasil
alí bañáronse nun dique
que era parecido ao río Sil.

GALICIA

En Galicia temos montes,
ríos, rías e algunhas illas
tamén temos moitas fontes
e moitas outras marabillas.

Galicia é a nosa terra
cunha xente moi riquiña
e os galegos que non viven nela
sempre teñen moita morriña.

A Santiago veñen peregrinos
que ao Apóstolo queren coñecer
con Galicia quedan marabillados
e coa súa forma de chover.

Ao rir, todos rimos
ao chorar, case igual
cando chove, andamos en grupo
e se hai Sol... xa é xenial.



Os Maiores

LETRAS GALEGAS 2016: MANUEL MARÍA

Para que a unha persoa se lle adique este día, ten que cumprir tres condicións: levar dez anos falecido, ser aprobada esta proposta por tres membros da Real Academia Galega, e ter aportacións importantes para o idioma galego.

Manuel María cumpría todos eses requisitos, polo que o Día das Letras Galegas deste ano adicóuselle a el.


Este poeta naceu o 6 de outubro do 1.929 en Outeiro de Rey, na Terra Chá luguesa. Era fillo de dous labregos. Os seus primeiros estudos foron na escola de Outeiro co mestre Don Domingo Cabana. Logo abandona esa escola e vai a escola de Rábade. Nesa escola é onde Manuel María vai ter o seu primeiro contacto coa literatura galega, xa que o seu mestre, no tempo libre, líaalles en galego aos seus alumnos, aínda que non lle estaba permitido.

En 1943 tras a morte do seu pai, faise cargo da súa educación o seu tío crego, Xosé Fernández, que o leva a Lugo e méteo interno na Academia Galicia.

Durante a súa estadía en Lugo coñece a Uxío Novoneyra, co que manterá unha gran amizade ao longo da súa vida.

Publica por primeira vez os seus versos na revista Xistral, e en 1950 o seu poemario *Muiñeiro de Brétemas*, sendo o autor máis novo que escribía en galego na posguerra.

Casou con Saleta Goy García en Lugo. En Monforte traballou como procurador, deu clases nunha academia, entrevistou como locutor na radio local e percorreu o país dando conferencias. Ademais, abriu a librería Xistral.



Estivo implicado coa política e os movementos nacionalistas, incluso despois da súa xubilación.

Ingresou como membro numerario da Real Academia Galega o 15 de febreiro de 2003, con 73 anos de idade. O seu discurso de ingreso levou por título "A Terra Chá: poesía e paisaxe".

Faleceu o 8 de setembro do 2.004 na Coruña, á idade de 74 anos.

5° PRIMARIA

DEPORTE ESCOLAR DURANTE O CURSO 2015-2016

No CEIP Antonio Blanco Rodríguez os nenos de quinto e sexto curso participamos nunhas xornadas de deporte escolar.

O deporte escolar está formado por unhas competicións deportivas entre alumnos de diferentes colexios da zona. Algunhas das actividades son individuais e outras, por equipos.

Na primeira xornada viaxamos ata Guláns, en Pontearreas, onde había moitos nenos e nenas doutros colexios para facer unha carreira chamada "cross" por un camiño de terra e pedras. Gañaron Antía, Rubén, Alba e Carla. Ademais, outro día volvemos a Guláns para facer hóckey e balonmán.

Tamén fomos practicar o bádminton a Pontearreas, ao pavillón Álvaro Pino. A verdade é que o fixemos moi ben e algúns quedamos seleccionados para o campionato escolar. A nosa compañeira Antía clasificouse na primeira posición e pasou ao campionato provincial.

Tamén xogamos con outro colexio aquí, en Covelo. Xogamos ao baloncesto e ao fútbol. Despois de competir, fomos merendar todos xuntos ao noso comedor.

Pasámolo xenial! Esperamos repetir o ano que vén!


5º PRIMARIA



NOVAS DO COLE

A Nosa Voz 2016

A gran viaxe



Como pon no chat dos coveliños os rapaces e rapazas de 6º iran de viaxe a... MADRID!!!! Que creo que xa o sabiades todos... pero bueno. ;) O asunto é que o director está moi ocupado co noso viaxe, pero el non é o único que súa, non, non, tamén están moi ocupados os rapaces e rapazas de 6º conseguindo os cartos para ir de excursión, pero a verdade é que merece moito a pena pasar algúns días vendendo cousiñas, o malo é para o director que como algúns anos pasa días e días co rolo do viaxe para nada, como este ano que el non vai ir, pobre.

OS MESTRES DO ARO

O día 20 de maio celebrouse no CEIP Antonio Blanco Rodríguez o festival das Letras Galegas no que os nenos de infantil interpretaron un baile moi curioso. E todos nós descubrimos que os nenos de infantil son os mellores do cole no movemento do aro. Todos os profes quedaron sorprendidos con esta espléndida actuación dos nenos máis cativos.



A ÁRBORE DAS TABLETS



O día 20 de maio celebrouse un festival para conmemorar que había nacido unha nova árbore, a árbore das tablets, esta árbore fíxose grazas a axuda dos experimentos, e mentes dos nenos de 6º e as increíbles mans de Xosé Antonio o conserxe do colexio, e ademais o pai de unha nena do cole. Estivemos falando con algúns deles e isto é o que nos dixeron:

- R: Ola a todos!
- N: Ola!
- R: Vos quería facer unhas preguntúñas sobre como fixestes a árbore
- N: Si, si nos encantados
- R: Ben, quería saber que produtos utilizaches?
- N: A verdade é que ninguén se acordou, nos estábamos fochitando cuns produtos, na hora de naturais e de repente saíu así.
- R: Que interesante! Grazas a todos polas vosas axudas
- N: Ata logo

Xa vedes as veces as cousas saen porque si.


O cambio de aulas.




No colexio de Covelo xa non dan clase nas aulas porque o director aceptou a proposta dos pais dun alumno, ninguén sabe quen era esa xente. Por iso dende o 19 de xuño de 2016 xa non dan clase nas aulas.

COMICS


Using the simple past of the verbs...




by Carla



by Edger




by Yanira



by Saray

Using rules with must and mustn't...



By María




By Míriam



By Alba

GRUPO DE GUITARRA COLEXIO DE COVELO

Grazas ao obradoiro de guitarra levado adiante nos dous últimos cursos pola profesora do centro Ana María Salgado Page, os nenos e nenas do Colexio de Covelo puideron aprender a dominar este instrumento ao mesmo tempo que disfrutaron e o pasaron moi ben.



Todos nós vimos a unhas clases especiais. ¿Queredes saber por qué son especiais?

Somos un grupo de mami's e papá's do cole que nos reunimos os luns para falar, divertirnos, aprender uns doutros, compartir vivencias, dúbidas e medos. É un mundo, unha aventura marabillosa.

Queredes saber que fixemos durante todo o curso?

Falamos de temas moi interesantes como o comenzo do curso, a importancia dunha boa organización e de establecer unhas rotinas para facer a vida dos nosos fillos algo máis doada.

Quodisunos claro que temos que poñerlos no lugar dos outros, educar ós nosos fillos na EMPATÍA, NO RESPETO MUTUO, NA SOLIDARIEDADE ... , en fin facer dos nosos fillos e fillas unhas boas e grandes persoas.

Como vedes esta aventura foi moi enriquecedora para nós e queremos aproveitar para animar a todos pais e nais a que se embarquen con nós nesta viaxe emocionante.



A Nosa Voz 2016


MATINAL COVELO NOTICIAS

Este ano realizamos por primeira vez un programa de televisión, titulado **MATINAL COVELO NOTICIAS**.

Na súa edición colaboraron os alumn@s de Infantil e 1º, 5º e 6º de Primaria.

Os temas son variados, cunha pequena mostra de actividades desenvolvidas no noso Centro ao longo deste curso 2015-16.

A continuación van as ilustracións do mario, coas cabeceiras das noticias.




OS PRESENTADORES DO MATINAL FORON MOI PROFESIONAIS



AS NOTICIAS DO MATINAL

El Infantil, 1º e 2º de Primaria visitan o Museo de Mar en Vigo



O NOSO NOTICIARIO ESTÁ NO ENLACE:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipantonioblancos/?q=node/231>

DESPEIDIDA

DE



COMO NOS ÍMOS, ASÍ NOS DESPEDIMOS!

- NON CHOREDES QUE PRONTIÑO NOS ÍMOS VER
- LEVÁMONOS RECORDOS MOI BOOS DESTES ANOS MO COLEXIO
- XA ME VOU DO COLE E ASÍ ME DESPIDO DANDO GRAZAS AOS PROFES.
- NUNCA OLVIDAREMOS ESTA AVENTURA
- NUNCA OLVIDAREMOS A ESES MESTRES QUE AÍNDÁ QUE PENSAMOS QUE ERAN OS PEORES SEMPRE FORON OS MELLORES.
- A VIDA NESTE COLEXIO FOI COMA UNHAS FESTAS, COAS SUAS COUSAS BOAS E MALAS.
- ADEUS COLEXIO FÁGOME GRANDE E QUÉDAME PEQUENO.
- VIVIMOS MOMENTOS ÚNICOS NESTE COLEXIO
- SON OS MELLORES DEZ ANOS DA MIÑAVIDA. NUNCA VOS ESQUECEREI!
- NUNCA ESQUECEREMOS O BEN QUE NOS TRATARON NESTE COLEXIO.
- DURANTE ESTES ANOS PASEINO MOI BEN E COÑECÍMOS NOVOS AMIGOS. BOTAREIVOS DE MEUS.
- ATA LOGO NON É UNHA DESPEDIDA É UN ATA SEMPRE ...